

Decreto 1051/2015






José M. Miñones Conde, alcalde presidente do Concello de Ames (A Coruña).

En data 15 de xuño de 2015, mediante Decreto de Alcaldía 912/2015 nomeouse concelleiros/as delegados/as explicitando o contido da delegación.



Esta Alcaldía, considera conveniente para o mellor funcionamento da administración municipal, unha modificación no número, composición e titularidade das **concellerías delegadas**.

Tendo en conta o contido dos artigos 21.3 da Lei 7/1985 de 2 de abril reguladora das bases do réxime Local (LRBRL) e 43 e seguintes do Regulamento de Organización Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF), esta Alcaldía no uso das súas atribucións resolve:

Primeiro.- Efectuar as seguintes delegacións, que comprenderán a xestións das correspondentes áreas:

Concellería delegada	Concelleiro/a
<p>Concellería delegada de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade.</p> <p>Comprende as áreas de Sanidade, Promoción da Igualdade, Dependencia, Axuda a domicilio, Servizos Sociais, Inmigración e Voluntariado.</p>	<p>Luisa Feijóo Montero</p> 
<p>Concellería delegada de Urbanismo, Obras Públicas, e Servizos básicos.</p> <p>Comprende as áreas de Planificación do Territorio, Planeamento e Xestión Urbanística, Vivenda e Rehabilitación, Planificación e programación de obras, Brigada de obras, Servizos Básicos (ciclo da auga, xestión do lixo, cemiterio, iluminación), Tráfico e Aparcadoiros.</p>	<p>José Blas García Piñeiro</p> 
<p>Concellería delegada de Participación e Atención Veciñal e Promoción económica.</p> <p>Comprende as áreas de Promoción do emprego, Desenvolvemento Rural, Emprendemento e Turismo.</p>	<p>Isabel González Cancela</p>
<p>Concellería delegada de Economía e Facenda.</p> <p>Comprende as áreas de elaboración e xestión orzamentaria, tributos, tesourería, Patrimonio municipal e Contratación.</p>	<p>Genma Otero Uhía</p> 
<p>Concellería delegada de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible.</p> <p>Comprende as áreas de Sanidade ambiental, e disciplina medioambiental. Sanidade animal, canceira de animais abandonados e Aula de Natureza.</p>	<p>Catuxa García Mallo</p> 
<p>Concellería delegada de Mocidade e Transparencia.</p> <p>Comprende as áreas de impulso á transparencia con carácter transversal e a xestión do OMIX (oficina municipal de información xuvenil).</p>	<p>Silvia Dapena Liñares</p> 

C.I.F.: P - 1500200 - I

<p>Concellería delegada de Educación e Cultura. Comprende as áreas de planificación e xestión de equipamentos educativos. Escolas infantís municipais. Servizos educativos e de conciliación, Axudas á Educación. Programas de innovación educativa, Bibliotecas e animación á lectura.</p>	<p>David Santomil Mosquera</p> 
<p>Concellería delegada de Normalización lingüística e Comunicación. Normalización Lingüística e Comunicación (radio e web municipal)</p>	<p>Mª Isabel Vaquero Quintela</p> 

O contido das delegacións en favor dos concelleiros/as que se designan comprende a facultade de dirixir os servizos correspondentes ás áreas que comprenden, así como a de xestionalos, incluída a competencia para asinar escritos e comunicacións de trámite, recordatorios e outros semellantes pero non a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros.


Segundo.-Notifíquese esta resolución as/os concelleiras/os interesadas/os a fin de que amosen a súa aceptación expresa. Esta resolución terá efectos dende dita aceptación polos concelleiros/as interesados/as

Terceiro.- Publíquese esta resolución no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios da sede electrónica do concello de Ames.

Cuarto.- Dese conta ao pleno da Corporación en cumprimento do establecido no artigo 38 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

Ames a 6 de xullo de 2015

O alcalde



Jose M Miñones Conde

A secretaria

Rosa Ana Prada Queipo